

DOMINGO XV ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Dt 30, 10-14

Lectura do libro do Deuteronomio

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle: - escoita a voz do Señor, o teu Deus, gardando os seus mandamentos e os seus preceptos, o escrito no libro desta lei. Convértete ó Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma. Esta lei, que eu che prescribo hoxe, non está posta por enriba de ti nin tampouco lonxe de ti. Non está enriba, no ceo, para poderes dicir: ¿Quen subirá por nós ata o ceo e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos?

Tampouco está lonxe, da outra banda do mar, para poderes dicir: ¿Quen cruzará por nós ó outro lado do mar e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos? Ó contrario, a palabra está moi cerca de ti, na túa boca e no teu corazón, para a cumprires.

SALMO RESPONSORIAL Sal 18, 8. 9. 10. 11

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo.

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos.

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.

Son máis cobizables có ouro,
máis có metal precioso;
son máis doces có mel,
máis có zume da antera.

SEGUNDA LECTURA Col 1, 15-20

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Colosenses

Cristo Xesús é imaxe do Deus invisible, o primoxéito de toda criatura, e por medio del fixéronse as cousas: as da terra e tamén as do ceo, as vistas cos ollos e as por eles non vistas; señoríos sexan ou ben dominacións, sexan principados, tamén potestades; el é modelo e fin do universo creado.

Antes ca todo está el e todo nel se cimenta aínda hoxe. É tamén a cabeza do corpo -o corpo é a Igrexa-. El é o principio, o primoxénito de entre os mortos, de xeito que en todo sexa sempre o primeiro. Porque nel quixo Deus habitar coa súa total plenitude: reconciliar así o universo consigo, por el; e no sangue da cruz poñer paz entre os seres da terra e do ceo, servíndose del.

EVANXEO Lc 10, 25-37

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, ergueuse certo xurista e preguntoulle a Xesús para o poñer á proba: - Mestre, ¿que teño que facer para herda--la vida eterna? El respondeulle: - ¿Que pon a Lei? ¿Que les? Contestou: - Amara-lo Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, toda a túa forza e con todo o teu entendemento, e o próximo coma a ti mesmo.

El díxolle: - Contestaches perfectamente; cúmpreo e vivirás. Pero o xurista, querendo xustificarse, preguntoulle a Xesús: - ¿E quen é o meu próximo? Xesús replicou: - Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bouraren nel, deixárono medio morto. Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ó velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un clérigo que pasaba por alí: ó chegar e velo, deu un rodeo.

Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ó velo, sentiu lástima; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno.

Ó outro día colleu dous denarios, deullos ó pousadeiro, e díxolle: "Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis". - ¿Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos? El respondeu: - O que practicou a misericordia con el. Díxolle Xesús: - Pois ti vai e fai outro tanto.